

O Concello de Bergondo vai desenvolver o proxecto “Deseñando o teu futuro”. Neste primeiro proxecto, un grupo de 15 mozos e mozas poderán realizar estadias-visitas en empresas de xeito que coñezan de cerca a realidade empresarial da súa contorna. Este proxecto está financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

De que vai este proxecto?

No verán de 2017 un grupo de 15 mozos e mozas, de entre 14 e 18 anos cumpridos, do Concello de Bergondo:

- ❖ Realizarán **estadias-visitas en empresas** deste concello.
- ❖ Recibirán **formación sociolaboral** que mellore a súa empregabilidade e oriente as súas decisións sobre a súa traxectoria formativa profesional.
- ❖ Ofrecer á xuventude unha experiencia de **educación non formal** para o desenvolvemento de coñecementos, aptitudes e competencias.
- ❖ Recibirán **certificacións** recoñecidas pola Consellería de Política Social das competencias, habilidades e cualificación adquiridas no desenvolvemento deste proxecto.

Que son as estadias-visitas?

Son estancias en empresas de diferentes sectores económicos do territorio para coñecer a súa realidade, as tarefas que se realizan e as necesidades de emprego e autoemprego. As estadias terán unha duración **entre 5 e 15 días cunha duración mínima de 4 horas ó día**.

Que sectores empresariais visitarei?

Téxtil, xoiería, electricidade, xardinería e viveirismo, mecánica, comercio, deseño gráfico, mantemento e limpeza, restauración e turismo, servizos sociais...

Contarei cunha axuda ou beca?

- Seguro de accidentes e responsabilidade civil.
- A mocidade **recibirá 6€ por participante/día**, para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou da moza.

Que formación realizarei?

Catro horas de formación en contorna sociolaboral, ferramentas para a busca activa de emprego, adestramentos en actitudes proactivas para toma de decisións.

Que requisitos e como teño que inscribirme?

Pode participar calquera mozo/moza empadronado no concello que teña **entre 14 e 18 anos cumpridos**. Terá que inscribirse no servizo de educación do Concello de Bergondo. Esta solicitude requerirá da autorización dos pais/nais/titores legais dos menores de idade.

Cando realizarei as estadias e que prazo teño para inscribirme?

As estadias desenvolveranse entre o 22 de agosto e o 15 de novembro. Para participar nas estadias deste ano o prazo de inscrición rematará **o 21 de agosto**.